

Plan de



Orientación

2026

CEIP José María Lage







0 ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN

2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1 A contorna

2.2 O centro

2.3 O departamento de orientación

3 OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais

3.2 Obxectivos específicos

4 PLANIFICACIÓN XERAL E DETERMINACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

5 DOCUMENTOS QUE GUÍAN A ORIENTACIÓN EDUCATIVA

5.1 Plan xeral de atención á diversidade

5.2 Plan de acción tutorial

6 RECURSOS

7 CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN







1 INTRODUCCIÓN

Segundo o recollido no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de xullo que o desenvolve, a educación ten como finalidade garantir que todo o alumnado poida desenvolver na escola o máximo das súas potencialidades e construír un proxecto persoal de vida, mesmo cando existan condicións iniciais desfavorables. A escola, como espazo de construción da igualdade de oportunidades, debe traducir este compromiso nunha organización e funcionamento que recoñeza a orientación como un apoio interno propio do contexto escolar.

Neste marco, promoveranse actuacións desde o momento de incorporación ao centro, orientadas á prevención, á detección temperá de posibles dificultades e ao seguimento continuado da súa evolución. A orientación enténdese como unha responsabilidade compartida por todo o profesorado, respectando as funcións específicas de cada profesional, pero asumida de maneira coordinada e planificada.

Por este motivo, o presente Plan de Orientación estrutúrase en nove bloques que recollen: a descrición do contorno próximo do centro, os obxectivos da orientación, as accións prioritarias, o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial, e a avaliación do propio proceso orientador.








2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1 A CONTORNA

O **Centro de Educación Infantil e Primaria José María Lage** somos un colexio público situado na vila de **Ortigueira** (Ortigueira, A Coruña). O Concello de Ortigueira, o máis grande da comarca de Ortegal, ten unha superficie de 214,9 quilómetros cadrados e 5448 habitantes¹. O xentilicio é ortigueirésa e ortigueirés, mais tamén urticariense. Na actualidade, segundo datos do INE, un 5,14% da poboación do municipio é estranxeira e un 8,92% é nacida no estranxeiro. A renda bruta media por fogar é de 30494².

Ortigueira limita ao norte co concello de Cariño e co océano Atlántico; ao sur cos concellos de As Somozas e As Pontes de García Rodríguez; ao este co concello de Mañón; e ao leste cos concellos de Cedeira e Cerdido. O municipio está composto por vinte e dúas parroquias, estando o centro administrativo e comercial situado na vila de Ortigueira (Santa Marta).



1 Fonte: INE. Datos de 2024. Consultado en xullo de 2025.

2 Fonte: INE. Datos de 2022. Consultado en xullo de 2025.





No plano xeográfico, atopamos a serra da Capelada no leste e as serras da Coriscada e da Faladoira limitando con Mañón. A ría de Ortigueira e Ladrado é un dos humedais máis importantes de Europa, estuario do río Mera.

2.2 O CENTRO

O centro conta cun total de 13 unidades: dobre liña en 5.º de educación infantil e en 3.º, 4.º e 5.º de educación primaria; e liña única no resto de niveis. O total de alumnado é de 195, polo que a ratio media é de 15 alumnas e alumnos por aula, aínda que a distribución é desigual. Proceden, case en totalidade, da área de influencia do centro, isto é, da totalidade do concello de Ortigueira, e o estado socioeconómico das familias é medio ou medio-baixo. Contamos con alumnado con necesidade específica de apoio educativo e con necesidades educativas especiais, e nos últimos anos incrementouse a presenza de alumnado procedente do estranxeiro. Podemos afirmar que o noso alumnado é diverso en moitos sentidos. Estamos adscritos ao IES de Ortigueira.

Con respecto ao profesorado, a meirande parte del ten destino definitivo no centro. O claustro está conformado por un total de 23 docentes.

O centro conta con diversos servizos:

- «Almorzos na escola» e «Sen cole no cole», organizados polo Concello de Ortigueira.
- Comedor escolar de xestión directa.
- Actividades extraescolares organizadas pola ANPA.
- Biblioteca.

2.3 O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación e as persoas que o conforman velarán pola inclusión e normalización educativa de todas as nenas e nenos do centro. Asesorará, informará, colaborará, traballará e será oído nos distintos niveis de concreción curricular (Proxecto Educativo, Programacións didácticas e programacións de aula), así como a respecto de aspectos de





organización escolar, sempre desde o obxectivo de ofrecer unha atención completa e individualizada ao alumnado.

O Departamento de Orientación do CEIP José María Lage tamén desenvolve as súas funcións no CEIP Francisco López Estrada, no concello limítrofe de Mañón. Este centro conta con tres unidades e escolariza a 39 alumnas e alumnos.

O Departamento de Orientación está adscrito ao Departamento de Orientación do IES de Ortigueira.







3 OBXECTIVOS

Tendo en conta a necesidade de consolidar unha filosofía de traballo compartida, reflexiva e innovadora, que dea resposta á diversidade do alumnado, consideramos que os obxectivos que deben orientar a actuación do Departamento de Orientación son os seguintes:

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

- a) Favorecer a integración do Departamento de Orientación no conxunto do sistema educativo e no propio proceso de ensino-aprendizaxe, colaborando activamente na implantación do Proxecto Educativo de Centro.
- b) Asesorar á comunidade educativa na planificación e aplicación de medidas de atención á diversidade nun contexto social e cultural plural, achegando estratexias de intervención que permitan optimizar os recursos dispoñibles.
- c) Planificar e impulsar actuacións de acción tutorial dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias, desde unha perspectiva preventiva, baseada na atención temperá, na promoción dun clima de convivencia positivo e na prevención de dificultades de desenvolvemento ou aprendizaxe, incluídas as asociadas aos cambios de nivel e/ou etapa.
- d) Ofrecer apoio psicopedagóxico ao alumnado que o precise, orientando a toma de decisións relacionadas co reforzo das áreas instrumentais do currículo, a avaliación, os criterios de promoción e a implicación activa do propio alumnado no seu proceso de aprendizaxe.
- e) Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados do centro, así como con outros servizos internos e externos, na identificación e procura de respostas axeitadas aos problemas que inciden no conxunto do proceso educativo.





3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.2.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ALUMNADO

- a) Favorecer a inclusión do alumnado con diversidade funcional na vida e nas dinámicas do centro, atendendo tanto aos aspectos curriculares como ao seu benestar emocional.
- b) Impulsar a colaboración coas familias para favorecer a adquisición progresiva de hábitos de autonomía.
- c) Promover dinámicas de traballo en equipo entre o profesorado orientadas a facilitar aprendizaxes significativas no alumnado.
- d) Planificar e apoiar actuacións dirixidas á aplicación efectiva dos protocolos que afectan ao alumnado con NEAE.
- e) Prestar apoio durante o período de adaptación, procurando que se desenvolva de maneira organizada e o menos estresante posible para o alumnado.
- f) Colaborar coas titorías no desenvolvemento da educación en valores, potenciando o autocoñecemento e o autocontrol, e promovendo valores democráticos de respecto, convivencia e cooperación.

3.2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CENTRO

- a) Participar de maneira activa nas sesións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- b) Definir anualmente as liñas de actuación que se recollerán no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).
- c) Establecer un calendario de reunións entre os membros do departamento con destino no propio centro, para asegurar a coordinación e o seguimento das actuacións.
- d) Prestar asesoramento técnico e normativo co fin de que o Plan de Orientación funcione como un marco de referencia que aporte unidade e coherencia ás decisións do Proxecto Educativo de Centro.





- e) Planificar e organizar o conxunto das actuacións no marco do PXAD, garantindo a súa coordinación e execución.

3.2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROFESORADO

- a) Colaborar na planificación e desenvolvemento das medidas de apoio.
- b) Favorecer no alumnado o inicio e a adquisición progresiva de técnicas de estudo e estratexias de traballo adecuadas.
- c) Establecer e difundir o procedemento a seguir para a solicitude de avaliación psicopedagóxica.
- d) Impulsar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización das medidas de atención á diversidade do alumnado.
- e) Promover a coordinación docente, o traballo compartido e a innovación educativa, fomentando especialmente a formación en NEAE, con atención preferente ao profesorado integrado no Departamento de Orientación.
- f) Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares, garantindo a súa coherencia co currículo e coas necesidades do alumnado.
- g) Colaborar na toma de decisións respecto á posibilidade de permanencia un ano máis no curso ou na etapa, de acordo coa normativa e coa valoración do equipo docente.

3.2.4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: FAMILIAS

- h) En coordinación co Plan Director impulsado pola Xunta en colaboración coas forzas e corpos de seguridade, promover accións informativas e preventivas sobre riscos e situacións de perigo que poidan afectar ao alumnado.
- i) Implicar ás familias na importancia de asumir un papel activo e responsable no acompañamento educativo, reforzando a valoración do esforzo e da formación no proceso escolar dos seus fillos e fillas.
- j) Incentivar a colaboración das familias nos procesos de avaliación psicopedagóxica do alumnado e no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.





3.2.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: INSTITUCIÓN

- k) Favorecer a coordinación coas institucións e servizos que contribúen á protección e benestar do alumnado, tales como Servizos Sociais, Garda Civil, Policía Local e Servizos Sanitarios, entre outros.
- l) Establecer canles estables de coordinación mediante reunións co Departamento de Orientación do IES adscrito, co fin de facilitar a continuidade e o acompañamento nas transicións de etapa.
- m) Solicitar e coordinar a intervención do Equipo de Orientación Específico naqueles casos nos que se valore necesaria a súa participación, colaborando no seguimento e na proposta de medidas axeitadas.





4 PLANIFICACIÓN XERAL E DETERMINACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Tendo en conta o marco normativo establecido polo Decreto 120/1998 e pola Orde do 24 de xullo dese mesmo ano, así como as directrices recollidas nas diferentes circulares da administración educativa, consideramos que a orientación require unha planificación xeral que permita concretar e organizar a súa aplicación de maneira progresiva e estruturada. Por iso, faise necesaria a actualización dunha programación para os vindeiros cursos académicos, incorporando o correspondente seguimento e avaliación das actuacións.

Cómpre salientar, ademais, que a Consellería de Educación publicou nos últimos anos diversos protocolos que achegan criterios e pautas de intervención útiles para orientar a práctica educativa.

Deste xeito, desde o Departamento de Orientación deben propoñerse estratexias que favorezan un traballo coordinado, compartido e rigoroso por parte de toda a comunidade educativa, promovendo unha actitude de mellora continua a partir da propia práctica docente e mantendo como referencia o compromiso de atender a cada alumno e alumna segundo as súas posibilidades e necesidades. As actuacións que se desenvolvan quedarán integradas nos distintos subplans que conforman este Plan de Orientación: no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan de Acción Titorial.







5 DOCUMENTOS QUE GUÍAN A ORIENTACIÓN EDUCATIVA

A base do traballo nos centros educativos é aprender en comunidade, polo que resulta imprescindible unha intervención que implique ao conxunto do sistema e promova un ensino significativo e de calidade, orientado a desenvolver as potencialidades de todo o alumnado. Neste sentido, as actuacións do Departamento de Orientación deben situarse e coordinarse no marco da Programación Xeral Anual e dos distintos proxectos que se desenvolven no centro.

5.1 PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (en diante PXAD) constitúe un dos piares fundamentais que sustentan o noso centro e ten como finalidade planificar as medidas educativas que facilitan unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado e en especial as daquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

A atención á diversidade de todo o alumnado, seguindo o Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, e a Orde do 8 de setembro de 2021, que o desenvolve, debe rexerse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa. A orientación educativa de todo o alumnado é outro dos principios que, neste caso, establece a lexislación educativa vixente como medio necesario para o logro dunha formación personalizada e que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. Por isto mesmo, constitúe unha das funcións inalienables de todo o profesorado (artigo 91 do texto consolidado da Lei Orgánica de Educación).





5.2 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación do Centro, segundo establece o Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa en Galicia (23/04/98) e no Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, título III capítulo V, artigos 80 e 81.

A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno, ás axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno/a a toma de decisións, o seu desenvolvemento como persoa e a súa socialización.

A acción titorial é responsabilidade de toda a Comunidade Educativa, e polo tanto debe ser reflexo dos obxectivos fixados e priorizados dentro do Proxecto Educativo do centro.





6 RECURSOS

Ademais dos recursos humanos propios do centro, contarase tamén co apoio e a colaboración de distintos recursos externos, entre os que destacan:

- **Servizos Sociais municipais**, cos que se realizan reunións periódicas para abordar, especialmente, situacións familiares do alumnado e o seu impacto no contexto escolar.
- **Servizos de Atención Primaria, Unidade de Atención Temperá e Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil**, mantendo contacto e coordinación cando resulta necesario.
- **Plan Director**, para a mellora da convivencia e da seguridade nos centros educativos e no seu contorno, que ofrece a posibilidade de realizar charlas informativas e formativas sobre cuestións como o acoso escolar, o consumo de drogas e alcol, a violencia de xénero, o uso das novas tecnoloxías, etc. Son sesións impartidas por profesionais das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
- **Equipo de Orientación Específico**, que, desde un modelo de intervención global e inclusivo, prioriza a prevención e a intervención interdisciplinar. Entre as súas funcións están: asesorar e apoiar aos departamentos de orientación, desenvolver programas de investigación, achegar recursos para dar resposta a necesidades específicas do alumnado, contribuír á formación especializada do profesorado, atender ás familias e coordinarse con outros servizos educativos e sociosanitarios. Os seus ámbitos de actuación inclúen: trastornos graves de conduta, discapacidades sensoriais, TEA/TXD, discapacidades motoras, altas capacidades intelectuais e orientación vocacional e profesional.

Así mesmo, disporase dos recursos propios do centro educativo, entre os que se contemplan os recursos TIC, fondos bibliográficos e materiais do departamento de orientación, materiais específicos de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica, e material funxible.







7 CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Como ocorre con calquera outro plan, este documento non alcanzará un nivel real de funcionalidade se non se somete a un seguimento continuo, así como a procesos periódicos de revisión e actualización. Aínda que as propostas de mellora e o propio seguimento tamén se concretarán anualmente no marco do PXAD, resulta necesario incorporar aquí uns criterios e instrumentos de avaliación que permitan valorar o seu grao de implementación e eficacia. Para iso, será preciso ter en conta aspectos como:

- A realización das actuacións previstas no Plan xeral de atención á diversidade.
- A realización das actuacións previstas no Plan de acción tutorial.
- As relacións cos distintos axentes que interveñen na orientación do alumnado.
- A optimización dos recursos persoais de apoio ao alumnado.
- A difusión de materiais, recursos, boas prácticas...
- Celebración das reunións previstas, asistencia e grao de implicación.
- Grao de atención das demandas recibidas.
- Outras que se consideren.

O Plan de Orientación será revisado cada catro anos.

O presente documento foi aprobado no Claustro e no Consello Escolar celebrados o 26 de xaneiro de 2026 e entra en vigor con data de 27 de xaneiro de 2026, o cal como directora certifico.

Iria Naveiras Orjales

